

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	PORTO DO SON
Edificio	Igrexa de Santa María de Nebra
Dirección	Calle Nebra, 0 S/N 15970
	42.723656590251906 -8.963736271139204
Protección	
Descrición	<p>Igrexa parroquial do século XVIII feita a base de perpiaño granítico. Posúe planta de cruz latina, con modificacións posteriores no que se lle engadiron as capelas laterais comunicadas tamén co brazo transversal. As naves están cubertas con bóveda de canón sobre arcos faixóns de medio punto e bóveda de aresta no cruceiro. Os muros son de carga, de cantería de granito, interrompida no interior por arcos de medio punto para acceder ás capelas laterais, de planta cadrada e reducido tamaño. Ós pés da nave principal, encontramos un coro de madeira. A capela maior, do mesmo ancho que a nave principal, e cuberta con bóveda de canón, ten pegada no lateral norte unha pequena sancristía dunha altura bastante menor co resto do templo. No muro lateral dereito da nave existe outra porta de acceso.</p> <p>Na fachada principal destacan dous elementos: un frontón triangular partido, cunha fornela dentro do tímpano e enriba da porta unha xanela con derrame interno, e a torre-campanario situada no lateral esquerdo, de sección cadrada e formada por tres corpos superpostos, liso o primeiro; o corpo das campás con decoración barroca de pilastras acanaladas e placas cornixas e pináculos; e o remate en cupuliña semiesférica sobre tambor octogonal, rematado cun pináculo no cume.</p> <p>Esta igrexa foi construída sobre outra anterior. A súa construción realizouse entre os anos 1799 e 1800 sobre os planos de José Cachafeiro. O seu prezo final foi de 9000 reais.</p>
Campás	3 campás.
Fotos	3
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé
Data	30-05-2022

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
--------------	-------	----------	------------------	------------------	------

Sala de campás	Campá menor (1)	LISTE VILLANUEVA, JOSÉ (PARROQUIA DE ORAZO)	1899	68	182
Sala de campás	Campá mediana (2)	PALACIO, DÁMASO	1856	69	190
Sala de campás	Campá maior (3)	BLANCO RUCABADO, FRANCISCO ANTONIO	1806	75	244

Información completa: [Igrexa de Santa María de Nebra - PORTO DO SON \(GALICIA\)](#)

PDF (14-05-2026)